



Secretaría do Goberno Local
Expte. 439/1102

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O COMITÉ TÉCNICO DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN PÚBLICA

Con data 02/10/2018, a Concellería-Delegada de Xestión Municipal resolveu incoar expediente para a coordinación e seguimento dos mecanismos municipais de integridade na contratación pública, para os efectos de integrar o conxunto de medidas adoptadas polo Concello na materia e aliñar o seu desenvolvemento no marco dunha estratexia global. Así mesmo designou instrutora do dito expediente á Secretaria de Goberno Municipal, M^a Concepción Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local do 22/11/2018, acordou, entre outros, constituír, para os efectos de garantir a realización das medidas que resultasen precisas, un Comité Técnico de Integridade na Contratación, integrado por:

- *A titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo.*
- *O interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso.*
- *O tesoureiro municipal, D. Luis García Álvarez.*
- *A secretaria do Goberno Local, Dna. M^a Concepción Campos Acuña.*
- *A xefa do Servizo de Contratación, Dna. Beatriz Barbará Rodríguez.*
- *O xefe do servizo de Administración electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns.*

En data 3.12.2021 e posterior de data 8.06.2023 por Resolución da Concelleira delegada en materia de contratación acordouse a modificación da composición do Comité Técnico de Integridade na Contratación como consecuencia de cambios organizativas do que resulta estar integrado por:

- A titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo.
- O interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso.
- O tesoureiro municipal, D. Luis García Álvarez.
- A secretaria de administración municipal, Dna. Susana Gallardo Fariña.
- A xefa do Servizo de Contratación, Dna. Beatriz Barbará Rodríguez.
- O xefe do servizo de Administración electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns.

Como consecuencias da reorganizacións da área de contratación e novos proxectos a Concellería Delegada de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en virtude da delegación de facultades en materia de contratación expresa da Xunta de Goberno Local, sesión do 12/12/2019 en relación coas facultades conferidas por Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución da Alcaldía de data 28.06.2023 e posterior de data 20.06.2023 e 28.06.2023 **RESOLVE:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/09/2023 12:06	Páxina 1 de 2
439-1102	CSV: A6A73F-A6323E-DDAHDA-3M6RBZ-EMWYMR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Modificar a composición do Comité Técnico de Integridade na Contratación, que estará integrado por:

- A titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo.
- O interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso.
- O tesoureiro municipal, D. Luis García Álvarez.
- A secretaria de Goberno Local, Dna. Susana Gallardo Fariña.
- A xefa da Área de contratación e Novos Proxectos n, Dna. Beatriz Barbará Rodríguez.
- O xefe do servizo de Administración electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns.

Segundo.- Designar instrutora do Plan de Integridade na Contratación Pública a Dna. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Goberno Local do Concello de Vigo.

Terceiro.- Para coñecemento e efectos, comunicar o presente acordo aos integrantes do Comité Técnico do Plan, aos titulares das áreas e servizos interesados.

Cuarto.- Publicar a presente resolución na Intranet municipal e no Portal de Transparencia municipal.

SGF

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023e 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/09/2023 12:06	Páxina 2 de 2
439-1102	CSV: A6A73F-A6323E-DDAHDA-3M6RBZ-EMWYMR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		